

Concelleiros, concelleira, traballadores do concello, veciños e veciñas deste concello, amigos e amigas que hoxe quixestes acompañarme:

Como ben sabedes vai para 12 anos que ATI chegou ao concello, un grupo de veciños cargados de ilusión, cargados de entusiasmo, cargados de proxectos. Esa ilusión era loitar polo concello, mellorar o pobo e a calidade de vida dos veciños. Por iso quero que as miñas primeiras palabras sexan de agradecemento a todos os que desde o primeiro día se involucraron neste proxecto, tanto os que loitaron en primeira liña como os que nos animaron, os que creron en nós e nos fixeron entender que ese soño valía a pena.

Vaia por diante **de xeito moi especial** a miña gratitude aos seis compañeiros e compañeira cos que conformo un equipo e que cada día se sacrifican co maior entusiasmo e a mellor vontade realizando o labor que o concello require. Todos e cada un de nós desde o posto que se nos encomendou intentamos dar o mellor. Formando equipo, sumando esforzos, sumando ilusión, o resultado será mellor. Grazas.

Neste senso, tamén quero expresar o meu agradecemento aos grupos da oposición polo seu traballo que, desde a discrepancia e agardando que a crítica sexa construtiva, sempre será un traballo recoñecido e respectado. E por suposto, agardamos que este respecto sexa mutuo, e convidámosvos a unir esforzos neste proxecto común que é o concello da Pobra de Trives.

O noso recoñecemento tamén a aquelas persoas, traballadores e traballadoras do concello, da limpeza, de obras, da administración, funcionarios ... que desenvolvendo o seu traballo con sensatez e responsabilidade, tamén ao servizo dos cidadáns, contarán sempre co noso apoio e respecto.

Quero transmitirvos a idea de que este acto de toma de posesión é un **paso máis** nesa andaina que un día comezamos. Este posto de alcalde só representa o continuísmo dun concelleiro que desde o posto de concelleiro de Medio Rural

traballou con máis ou menos acertos polo concello, sentín a necesidade de facelo e así o seguirei facendo, só que neste momento tócame ocupar outra posición, pero coa mesma ilusión, coa mesma perseverancia, co mesmo empeño con que intentei traballar sempre.

Desde o primeiro día de goberno, o grupo ATI intentou facer seu o lema **gobernar para todos**. Agardamos telo conseguido e queremos que así siga sendo. Podemos ter erros, de feito témolos, calquera pode fallar. Pero non podemos aceptar non intentalo. Quen loita pode perder, pero quen non loita xa perdeu. O camiño non sempre é fácil: hai obstáculos, cometemos erros, é moi posible non dar feito as cousas ao gusto de todos. Podemos fracasar, pero, QUERIDOS VECIÑOS, que saibades que sempre estaremos ao voso servizo e que o concello será sempre a vosa casa. Neste primeiro día como alcalde non quero deixar pasar a oportunidade de pedir desculpas e comprensión polos erros, polas carencias que poidamos ter. Pero tamén vos pido a vosa implicación, o voso esforzo, o voso gran de area... que vos involucrades neste proxecto común que é o noso concello e que formemos entre todos un gran equipo.

Grazas, sinceramente, a todos os veciños e veciñas que ao longo destes anos me mostrastes a vosa comprensión, o voso afecto, palabras de ánimo, de recoñecemento. Síntome moi honrado de ser o voso alcalde e orgulloso de estar rodeado de compañeiros que poñedes todo o empeño para sacar adiante a tarefa que nos agarda. Grazas a todos de verdade pola confianza depositada na miña persoa, oxalá os resultados poidan xustificala. Grazas.

A Pobra de Trives, 28 decembro 2017